

# LETANIA DE GALICIA



CAUREL  
VRAO  
1968



GALICIA DIGO EU UN DI  
GALICIA decimos todos  
hast-os que calan din  
e saben

GALICIA  
GALICIA  
GALICIA  
*sabemos*

GALICIA da door  
GALICIA da tristura  
GALICIA do silencio  
GALICIA da fame  
GALICIA vendada  
GALICIA tapeada  
GALICIA atrelada

chora      *à forza*  
triste      *à forza*  
calada      *à forza*  
emigrante      *à forza*  
cega      *à forza*  
xorda      *à forza*  
queda      *à forza*



libre pra servir  
libre pra non ser  
libre pra morrer  
libre pra fuxir

*libre pra servir*  
*libre pra non ser*  
*libre pra morrer*  
*libre pra fuxir*



GALICIA labrega  
GALICIA mariñeira  
GALICIA obreira

GALICIA nosa  
GALICIA nosa  
GALICIA nosa

GALICIA irmandiña  
GALICIA viva *inda*

recóllote da terra  
recóllote do puebo  
recóllote da HISTORIA

estás muy fonda  
estás nil toda  
estás borrosa



recóllote i érgote no verbo enteiro  
no verbo verdadeiro que fala o puebo  
recóllote pros novos que vein con forza  
pros que inda non marcou a malla d-argola  
pros que saben que ti podes ser outra cousa  
pros que saben qu-o home pode ser outra cousa

*sabemos que ti podes ser outra cousa*  
*sabemos qu-o home pode ser outra cousa*

(A parte en cursiva diráa o coro)



A *Letanía de Galicia* publicouse por primeira vez en 1972, no número 3, páxina 63 da revista *Fronte e Cocote*, da Escola de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo.

O director da publicación era o enxeñeiro agrónomo e profesor Odón Luís Abad Flores; o subdirector, o veterinario e profesor Leoncio Cadórniga Carro e o xefe de redacción o alumno Adolfo de Abel Vilela. A *Letanía* foi prohibida en tres ocasións pola censura, nunha delas aparecía na cuberta dun disco. Foi o colaborador da revista Xesús Alonso Montero, que era veciño de Abad Flores, o que propuxo a publicación.

Decidiuse facer unha orla onde se reproducían debuxos de Castelao tomados do *Álbum Nós*, que fotografou o que era alumno Miguel Ángel Montero Vaz, dun exemplar que tiña na súa casa Abad Flores. Debuxou a orla por encargo de Adolfo de Abel o pintor Luís Gómez Pacios. A impresión fixose na imprenta Bao, situada na entón rúa de Calvo Sotelo, hoxe Campo do Castelo.

Conscientes da importancia da súa saída á luz, fixéronse cincuenta separatas en cartolina para que Uxío as puidese regalar. Desconfiando que se ordenase o secuestro da publicación agachouse a maior parte da tirada da revista, pero non houbo ningún problema posiblemente porque na Delegación Provincial de Información e Turismo fixeron para Madrid unha tradución suavizada do texto e porque entre os responsables da revista había persoas de confianza do réxime.

Adolfo de Abel Vilela

17 DE MAIO DE 2010  
*Día das Letras Galegas*  
DEDICADO A  
**Uxío Novoneyra**

«É xa hora de que señas toda patria dos teus  
dos que gardaron a fala en que máis se dixo adeus  
e señas dona de ti e señora de falar  
señora de decidir e dona de se negar.»

Uxío Novoneyra



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura